



MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 17/03/2016

Na vila de Vimianzo, ás trece horas e quince minutos día dezasete de marzo de dous mil dezaseis, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

- D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
- D. Fernando Mancebo Amigo
- D. José Trillo Lema
- D^a. María José Ramos Rey
- D^a. María Élida Pequeño Lorenzo
- D. Anselmo Ramos Martínez
- D. José Manuel Rodríguez Blanco
- D^a. Mónica Rodríguez Ordoñez
- D^a. Raquel Rodríguez Amigo
- D^a. Paula Mouzo Maceiras

Ausentes:

- D. José Antonio Vidal Mira
- D^a. Marta Rey Lema
- D. Mario Andújar Mouzo

Secretaría acumulada: Rocío Hermida Cancela

Interventora: D^a María Lourdes Castro Pena (Resolución da Dirección Xeral de Administración Local de data 16 de marzo de 2016 pola que se resolve o nomeamento provisional a dita funcionaria).

Intervén o **Sr alcalde** e xustifica o carácter extraordinario da sesión debido o Plan de Aforro e Investimento da Deputación para poder presentar a solicitude dentro de prazo, di que a sesión terá un único punto na orden do día, continua dicindo que quere desculpar a ausencia de dous concelleiros, D. José Antonio Vidal Mira por motivos laborais e D^a. Marta Rey Lema por motivos de saúde.

Intervén D^a. **Mónica Rodríguez Ordoñez** e xustifica a ausencia de D. Mario Andújar Mouzo debido a unha lesión no talón de Aquiles e que está no hospital.

O **Sr alcalde** toma a palabra e presenta a Sra Interventora Dona Lourdes Castro Pena, e di que algún concelleiro/a xa a coñece porque tivemos algúnha reunión onde estaba presente.

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da participación no "Plan de aforro e investimento (PAI) 2016" da Deputación Provincial da Coruña.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 10 de marzo de 2016, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, na sesión do día catorce de marzo de dous mil dezaseis, que se transcribe literalmente:



"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Aprobación da participación no "Plan de aforro e investimento (PAI) 2016" da Deputación Provincial da Coruña

Vista a Circular remitida pola Deputación e recibida neste concello o 05 de xaneiro de 2016, con rexistro de entrada nº 49, sobre as bases reguladoras do Plan de Aforro e Investimento PAI 2016, aprobadas na sesión plenaria da Deputación provincial da Coruña, celebrada o 30 de decembro de 2015.

Visto os seguintes proxectos de obra:

-Proxecto de "Mellora de estrada municipal Baiñas-límite co concello de Dumbría", redatado polo arquitecto D. Vicente Rivas Negreira, con rexistro de entrada nº.1541.

-Proxecto de "Rede de saneamento en Reboredo, parroquia de Salto", redatado polo arquitecto D. Maximino Manuel Aguiar Baña, con rexistro de entrada nº.1479.

Visto o prego de condicións técnicas para subministración de contadores de auga con elementos de telelectura e subministración de colectores de residuos, redatado polo enxeñeiro técnico industrial, D.Martín Lema Pose, con rexistro de entradas nº.1495.

Tendo en conta que o prazo de presentación de solicitudes remata o 18 de marzo de 2016 ás 14:00 horas.

Por todo o anteriormente exposto, elevo ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Obras, a seguinte proposta:

1.-Participar no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

A. Redución de endebedamento

ENTIDADE FINANCEIRA	NÚMERO/CÓDIGO PRÉSTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO Á MINORACIÓN DA DÉBEDA
CAIXABANK,SA	9620.312-052239-32	73.948,50
TOTAL		73.948,50

B. Investimentos (obras ou subministracións)



DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	ACHEGA	PRÉSTAMO
	TOTAL	MUNICIPAL	PROVINCIAL
Mellora de estrada municipal Baíñas-límite co Concello de Dumbría	154.247,12	0,00	154.247,12
Rede de saneamento en Reboredo parroquia de Salto	108.000,00	0,00	108.000,00
TOTAL	262.247,12	0,00	262.247,12

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos

C. Resumo da aplicación do préstamo provincial

SUBTOTALS	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Subtotal redución de endebedamento	73.948,50
Subtotal investimentos (obras ou subministracións)	262.247,12
TOTAL	336.195,62

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2016 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministración	Orzamento
Subministración de contadores de auga con elementos de telelectura e subministración de colectores de residuos	30.000,00
TOTAL	30.000,00



3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente. Vimianzo, 10 de marzo de 2016. O alcalde, Manuel Antelo Pazos."

Intervén o **Sr alcalde** e di que o que propón o goberno municipal é reducir débeda, en concreto, cinco cuotas do préstamo para pagar a sentenza da casa da cultura de Manuel Rodríguez Lema, e logo van dúas obras necesarias: "Mellora de estrada municipal Baíñas-límite co Concello de Dumbría" e "Rede de saneamento en Reboredo parroquia de Salto", a primeira por que necesita unha mellora e tratar de evitar e eliminar o punto negro de todos os invernos, outra é unha rede de saneamento solicitada po todos os veciños no lugar de Reboredo en Salto e que seguiremos facendo con outros lugares que nos ten solicitado ou nos soliciten e logo facer os enganches e entender que é un servizo que hai que dar e é obrigatorio e fundamental e pon en valor a vida no rural de acordo cos novos tempos, a posibilidade dun complementario ante as baixas vai na liña de mellorar o servizo de augas que no vindeiro pleno comentaremos aquí, trátase de actualizar as tecnoloxías modernas e facilitar as lecturas de difícil acceso, unha lectura intelixente por telelectura mediante wifi. Poderíamos traer máis propostas pero temos que intentar repartir recursos para as fundamentais demandas e cuns criterios de atender a todos eles, esta é a explicación que podo comentar.

O **Sr alcalde** outorga un primeiro turno de preguntas.

D^a. Paula Mouzo Maceiras a nosa liña como sempre non será decir que non, queremos agradecer o alcalde que tiveran en conta propostas do programa electoral do Psoe como a de Baíñas ou o saneamento de Reboredo, gustaríame puntualizar, na primeira despois de estudar o proxecto boto en falta beiraruas e dar continuidade as que existen, rogo que estuden esta posibilidade en toda obra ou a construción de sendas peónís, a seguridade debe ser fundamental, esta estrada ten un tránsito rodado moi frecuente e coido que este investimento vai chegar a pouco, esperemos que fagan ben este investimento no firme, gavias, etc non que coas primeiras choivas se acabe estragando. Respecto ao saneamento en Reboredo tamén facía falta e iba no programa do Psoe, Salto é unha parroquia moi ampla cunha gran extensión por eso rogo que se amplíen o resto dos lugares como Señoráns, Torelo, etc, e os deixen ben rematados porque senon estarei aquí para dar as queixas en nome dos veciños. Os contadores supoño será unha medida para mellorar a nova programación de lectura, cos contadores houbo moitas reclamacións



e os contedores estou de acordo, na amortización tamén, para rematar pídolle que o máis pronto posible se teñan conta as peticións dos veciños de Vimianzo e que nos facemos chegar aquí como o saneamento que algunhas parroquias incluso Treos, para o Psoe é importante mirar teñan 100 ou 200 habitantes, son todas iguais.

Dª. Raquel Rodríguez Amigo: calquera obra vamos a apoiar pero vemos que é insuficiente, non sei que se vai facer cando se inunda vexo ben os investimentos pero insuficientes.

D. Jose Manuel Rodríguez Blanco: di que Paula fai a súa campaña, menudo programa deu aquí, esta obra é demandada fai tempo pero creo que os cartos son poucos porque aquel tramo está mal e que non se vaia cometer o mesmo erro que en Dumbría que prolongaron 50 cms. para cada lado e igual cometemos o mesmo erro, creo que nos quedamos moi cortos igual sería mellor facer menos tramo e si se precisa falar con algún veciño para que ceda eu prestome a falar con el, o Saneamento en Reboredo quería preguntar si todas as casas quedan con saneamento ou algún sin el.

Dª Mónica Rodríguez Ordoñez: respecto as obras os matices que xa se ben dicindo, dentro do noso programa tamén tiveron cabida estas necesidades igual nós faríamos outros pero pensamos que son partidas de cada proxecto insuficientes, nos parece ben solucionar o problema de Baiñas e o saneamento en Reboredo pero penso que é insuficiente, porque a imaxe é importante non critico o proxecto pero o orzamento de execución material é insuficiente para tanta distancia e solventar os problemas, no de Reboredo si un veciño dí que é suficiente eu non teño nada que dicir, son proxectos do goberno, creo que teñen carencias e non quedarán completas pero é decisión do goberno.

Sr alcalde: Eu esperaba outro debate e propostas na mesa para o futuro pero esta política de antes de facer algo criticar, creo que non é propio de persoas que queren representar cidadáns con proposta políticas, creo que por ahí non imos ben, pediría un cambio de actitude porque todo o que din de que é un desastre e non critica o técnico, nos non podemos adicar este plan nun único lugar porque habería un desequilibrio. Os proxectos son xustos e aínda así teñen baixas cando se licitan, duas cuestións, está ben que compartamos os programas electorais, eso quere dicir que este goberno non é tan sectario, que incorpora propostas de outros grupos, está non programa do Psoe pero non fai propostas aquí, as críticas deben facerse con rigor, non que cun pouco de choiva se desfai todo, pode ser en algunha pista forestal, non houbo reclamación de contadores, pero nos puxemos en orden todo eso, houbo reclamación por malas lecturas e lecturas desfasadas que fomos arranxando e melloraremos con esto, en relación a Reboredo, o ámbito de núcleo rural será atendido, as casas illadas o que dicimos sempre se alguén fixo a casa alí agora non podemos gastar 15.000 e mellor axudar a unha fosa séptica, temos que ser conscientes cando se fan as cousas incorrectamente ten estes prexuízos, afecta a tres casas soamente. Para rematar nos gustaría ter máis cartos e facer máis obras, sí imos facer na de Baiñas nesa zona unhas sendas e medidas de sinalización de velocidade, despois na segunda fase con menos coste.

Pregunta os concelleiros si algun quere dicir algo e non intervén concelleiro algún.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, aproba o ditame da comisión, elevándoo a acordo nos seus propios termos no seguinte sentido:

- 7 votos a favor do grupo municipal BNG e Dª. Paula Mouzo Maceiras (G.M).
- 3 abtencións do grupo municipal Independentes por Vimianzo (Dª. Mónica Rodríguez Ordoñez) e Grupo Mixto (Dª. Raquel Rodríguez Amigo e D José Manuel Rodríguez Blanco).

Sen máis asuntos que tratar, sendo as 13:35 horas, a presidencia remata a sesión e eu redato esta minuta-borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 17 de marzo de 2016.

